



EXPTE. 2025/SUBCC/000001

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS PREMIOS DO ENTROIDO 2025

1.- OBXECTO:

O Concello de Pontevedra establece esta convocatoria de premios co fin de preservar o patrimonio cultural e fomentar o interese polas actividades culturais e festivas tradicionais do municipio, en especial do Entroido.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión de premios das distintas actividades do Entroido de Pontevedra durante este ano 2025, que abranguen o desfile, o concurso de murgas e o concurso da mostra da parodia, e que se van a celebrar entre os días 1 e 8 de marzo de 2025.

2.- RÉXIME XURÍDICO

A concesión de premios obxecto das presentes bases rexeranse polo disposto no Plan estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado por Decreto do Alcalde de 23.11.2023, na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17.09.2014 (BOP nº190 do 30.09.2004), pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, e pola Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a concesión dos premios obxecto desta convocatoria, destinaranse os créditos globais de 37.250 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 09.3383-48100 do orzamento de gastos do exercicio 2025 O libramento desta cantidade farase por medio da expedición da procedente orde de pago a xustificar, tal e como establece o art. 190 do TRLRFL, o artigo 69.1 do Real decreto 500/1990 e a base 63ª das de execución do orzamento prorrogado para o ano 2025, previa fiscalización da Intervención Xeral.

4.- BENEFICIARIOS:

Poderán participar nos concursos de premios do Entroido, as persoas físicas, asociacións, entidades e persoas xurídicas legalmente constituídas así como agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade, que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases e se inscriban para participar nos distintos concursos que se convocan.

No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, deberá facerse constar na solicitude, un representante, así como o detalle dos seus membros, dos que se entenderá que asumen os compromisos de execución e imputan o importe do premio a partes iguais, segundo o modelo anexo. Todos os membros adquiren a consideración de beneficiario.



5.- PROCEDEMENTO E REQUISITOS DOS PARTICIPANTES:

Para o desfile do entroido do día 1 de marzo

As comparsas estarán integradas por un mínimo de 20 persoas que irán acompañadas de instrumentos musicais e interpretarán cancións carnavalescas ou pasacalles durante o desfile. A maioría dos seus compoñentes deben ir a pé. Os nenos e nenas que participen no desfile non poderán entrar no concurso a non ser que estean integrados nunha comparsa ou cun grupo de adultos. O xurado terá en conta o vestiario, a animación de rúa e a calidade musical.

A orde de participación das comparsas no desfile determinarase logo dun sorteo que se levará a cabo unha vez rematado o prazo de inscrición.

Para valorar os disfraces, o xurado terá en conta non só a categoría do disfraz, senón tamén a participación activa e humorística durante o desfile. Haberá un premio especial do Entroido, consistente no *Ravachol 2025* para aquela comparsa ou grupo que, a xuízo do xurado, reúna especiais características no conxunto. Este premio poderá quedar deserto.

Os grupos sobre camións-góndolas ou grandes plataformas non poderán exceder o ancho da propia góndola ou plataforma nin superar os 4 metros de altura; en calquera caso, todos os participantes do Entroido adaptarán as súas estruturas ao trazado polo que transcorre o desfile.

Os disfraces premiados daranse a coñecer durante o transcurso da verbena do Entroido, que se celebrará na noite do sábado 1 de marzo, na praza da Ferraría. Os premios deberanse recoller de xeito obrigatorio cos mesmos disfraces cos que foron premiados. Ademais levarán a tarxeta de inscrición e mais o DNI.

A participación supón a aceptación plena destas bases. Os participantes deberán inscribirse na modalidade axeitada.

Para o concurso de murgas:

As murgas deben estar compostas dun mínimo de 5 persoas e un máximo de 20 e terán que acompañarse de calquera tipo de instrumento. O tempo destinado a cada actuación é de 30 minutos como máximo. As cancións que se interpreten serán de temática libre e adaptadas ao estilo do Entroido. Valorarase a contribución humorística na actuación.

Cada murga recibirá un premio de 250 euros pola súa participación no concurso. Dado que a participación en anos anteriores non foi superior a 13, estímase que o número de inscritos este ano tampouco o superará, polo que se considera suficiente facer unha reserva de crédito de 3.250 € calculada sobre un máximo de 13 participantes (250 x 13 participantes), como premio fixo pola participación de cada murga no concurso.



A orde para a interpretación das cancións de cada unha das murgas quedará establecida mediante un sorteo que se celebrará no Servizo de Cultura do Concello. A este sorteo deberá participar cando menos un representante de cada murga.

No caso de que a participación exceda de 5 murgas, celebraranse 2 eliminatorias que terán lugar no Pazo da Cultura o luns día 3 de marzo e o mércores día 5 de marzo, ás 21:00 horas respectivamente. A final terá lugar o xoves día 6 de marzo ás 21:00 horas.

Calquera aspecto non contemplado nestas bases resolverao o xurado, e a súa decisión será inapelable.

Para o concurso da mostra da parodia:

Neste concurso valorarase a orixinalidade e a novidade, tanto dos disfraces como das parodias que se representen.

Cada grupo participante representará a súa parodia nunha praza ou rúa da cidade, que se decidirá logo de celebrar o correspondente sorteo.

Os grupos participantes comezarán a súa representación a partires das 22:00 horas do venres, día 7 de marzo, no lugar previamente asignado.

Ás parodias sobre camións-góndola ou grandes plataformas asignaráselles, igualmente por sorteo, un espazo ben na rúa Benito Corbal ou na Praza de España.

A entrega dos premios da mostra terá lugar o mesmo día 7 de marzo ás 00:00 horas na Praza da Ferraría.

6.- INSCRICIÓN

Para o desfile do entroido do día 1 de marzo:

É condición imprescindible que as persoas e colectivos que participen no concurso se inscriban, conforme ó modelo que aparece no anexo que se acompaña. Xunto coa solicitude de participación deberán presentar fotocopia do DNI dos participantes e facer constar a modalidade na que queren participar: facha ou disfrace. No caso de asociacións legalmente constituídas, achegarán tarxeta de identificación fiscal.

O prazo de inscrición para participar no desfile iniciarase o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o sábado, día 1 de marzo. A inscrición farase solicitando a mesma no Rexistro Xeral Municipal ou na sede electrónica do Concello (consonte ao modelo anexo). As solicitudes presentadas o mesmo día 1 presentaranse directamente nunha caseta que se instalará na rúa José Malvar ata as 16:30 horas.

As persoas e colectivos participantes no desfile, deberán presentarse na rúa José Malvar o día 1 de marzo, para realizar a inscrición os que non o fixeran previamente e todos os inscritos para a recollida do número



de participación. Poderá facerse a recollida dos números de dorsal ata as 16:30 horas. O desfile dará comezo ás 17:00 horas.

Para o concurso de murgas:

É condición imprescindible que as persoas e colectivos que participen no concurso se inscriban, conforme ó modelo que aparece no anexo que se acompaña. Xunto coa solicitude de participación deberán presentar fotocopia do DNI dos participantes ou CIF no caso de entidades legalmente constituídas.

O prazo de inscrición para participar no concurso de murgas iniciárase ó día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o día 1 de marzo. A inscrición farase solicitando a mesma no Rexistro Xeral Municipal ou na sede electrónica do Concello (consonte ao modelo anexo). A inscrición solicitada o sábado día 1 de marzo poderá facerse ata as 12 da mañá no Servizo de Cultura do Concello, sito no terceiro andar do Teatro Principal, sito na rúa Charino.

Para o concurso da mostra da parodia:

É condición indispensable que as persoas e colectivos que participen no concurso se inscriban, conforme ó modelo que aparece no anexo que se acompaña. Xunto coa solicitude de participación deberán achegar fotocopia do DNI dos participantes.

O prazo de inscrición para participar no concurso da mostra da parodia, iniciárase ó día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o día 10 de febreiro. A inscrición farase solicitando a mesma no Rexistro Xeral Municipal ou na sede electrónica do Concello (consonte ao modelo anexo). A inscrición solicitada o sábado día 10 de febreiro poderá facerse ata as 12 da mañá no Servizo de Cultura do Concello.

7.- XURADO CUALIFICADOR

O xurado estará integrado por un representante de cada un dos grupos políticos con representación municipal, e un grupo de persoas de recoñecida traxectoria no coñecemento e valoración do Entroido.

O xurado reservase o dereito a descualificar a aquelas persoas con disfraces que, ao seu xuízo, poidan resultar ofensivos, de dubidosa interpretación ou que non cumpran as normas que ao longo da comitiva vaia transmitindo o persoal de organización, que irá debidamente identificado.

O xurado emitirá o seu veredicto a través da suma das puntuacións dos seus membros, obtidas polos disfraces e fachas en cada modalidade. O xurado seguirá, para as súas puntuacións, os criterios esixidos aos participantes. O xurado concederá os premios aos participantes e redactará a acta do resultado. O ditame do xurado será inapelable en todo caso. A acta do xurado será acreditativa da xustificación da concesión dos premios.



8.- PREMIOS

DESFILE DO ENTROIDO

Os participantes no desfile, previamente inscritos, poderán optar aos premios por categorías que se relacionan a continuación:

<u>INDIVIDUAIS</u>	<u>DISFRACE</u>	<u>FACHAS</u>
1º Premio	250,00 €	250,00 €
2º Premio	150,00 €	150,00 €
<u>PARELLAS</u>	<u>DISFRACE</u>	<u>FACHAS</u>
1º Premio	350,00 €	350,00 €
2º Premio	230,00 €	230,00 €
<u>GRUPOS</u>	<u>DISFRACE</u>	<u>FACHAS</u>
1º Premio	2.400,00 €	2.400,00 €
2º Premio	1.700,00 €	1.700,00 €
3º Premio	1.200,00 €	1.200,00 €
4º Premio	900,00 €	900,00 €
5º Premio	500,00 €	500,00 €
6º Premio	300,00 €	300,00 €

Premio especial.- Figura "Ravachol 2025"

COMPARSA

1º Premio	2.200,00 €
2º Premio	1.700,00 €
3º Premio	1.500,00 €
4º Premio	1.100,00 €
5º Premio	800,00 €
6º Premio	540,00 €



7º Premio 300,00 €

8º Premio 200,00 €

Premio especial.- Figura "Ravachol 2025"

CONCURSO DE MURGAS:

Os participantes no concurso, previamente inscritos, poderán optar aos premios que se relacionan a continuación:

1º Premio 1.200,00 € + Ravachol 2025

2º Premio 1.050,00 €

3º Premio 900,00 €

4º Premio 750,00 €

5º Premio 400,00 €

Premio por participar 250,00 €

CONCURSO DA MOSTRA DA PARODIA:

Os participantes no concurso, previamente inscritos, poderán optar aos premios que se relacionan a continuación:

1º Premio 1.300,00 € + Ravachol 2025

2º Premio 1.000,00 €

2º Premio 1.000,00 €

3º Premio 700,00 €

3º Premio 700,00 €

3º Premio 700,00 €



9.-ÓRGANO COMPETENTE PARA A APROBACIÓN DAS BASES, CONVOCATORIA E CONCESIÓN DAS AXUDAS

O artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos establece que é competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación da respectivas bases e a concesión das axudas, cando a contía da convocatoria excede de 12.024,24 euros.

10.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

Esta convocatoria será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, como sistema nacional de publicidade das subvencións. Asemade, publicarase na sede electrónica do Concello, complementariamente no taboleiros de anuncios e páxina web do Concello.

A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

11.- ANEXOS:

651. SOLICITUDE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN PARA O DESFILE DO ENTROIDO 2025

Datos do participante individual/parella/comparsa ou grupo:

Nome do participante _____

Número de compoñentes _____

Datos do representante

Nome e apelidos _____
NIF _____ Teléfono _____

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE:

INDIVIDUAL.

DISFRACE DORSAL Nº :

FACHA DORSAL Nº:



ANEXO I (A cubrir só no caso de NON ser Asociación legalmente constituída)

CONSTITUCIÓN DA COMPARSA OU AGRUPACIÓN

O representante DECLARA:

Que nesta data procedeuse a inscrición da COMPARSA OU AGRUPACIÓN para a súa participación no desfile do Entroido de Pontevedra 2025 composto/a polos seguintes membros:

	NOME E APELIDOS	DNI
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		

DECLARA:

- Que actúa como representante desta COMPARSA, AGRUPACIÓN OU PARELLA para participar no concurso de premios do DESFILE ENTROIDO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.
- Que solicita a súa participación no DESFILE DO ENTROIDO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA
- Que esta comparsa, agrupación, parella ou participante individual se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras dos premios



Que segundo se dispón no artigo 11 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, as persoas que figuran na relación anterior asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención en caso de percibir premio se aplicará mediante a súa división, entre o número de membros, que terán igualmente a consideración de beneficiarios

Así mesmo, todos os abaixo asinantes declaran:

- Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e co Concello de Pontevedra, así como coa Seguridade Social
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para percibir axudas das administracións públicas

Pontevedra, de de 2025

Sinatura



652. SOLICITUDE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MURGAS DO ENTROIDO 2025

Datos da murga participante :

Nome da murga participante _____
Número de compoñentes _____

Datos do representante

Nome _____ e
apelidos _____
NIF _____ Teléfono _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA COA SOLICITUDE:

- Fotocopia do NIF/CIF do solicitante e do representante

CONSTITUCIÓN DA MURGA (A cubrir só no caso de NON ser Asociación legalmente constituída)

O representante DECLARA:

Que nesta data procedeuse a inscrición da MURGA para a súa participación no concurso de murgas do Entroido de Pontevedra 2025, composto/a polos seguintes membros:

	NOME E APELIDOS	DNI
1		
2		
3		



4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		
19		
20		



DECLARA:

- Que actúa como representante desta MURGA para participar no concurso de murgas do ENTROIDO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.
- Que solicita a súa participación no CONCURSO DE MURGAS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA
- Que esta murga se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras dos premios
- Que segundo se dispón no artigo 11 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, as persoas que figuran na relación anterior asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención en caso de percibir premio se aplicará mediante a súa división, entre o número de membros, que terán igualmente a consideración de beneficiarios

Así mesmo, todos os abaixo asinantes declaran:

- Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e co Concello de Pontevedra, así como coa Seguridade Social
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para percibir axudas das administracións públicas

Pontevedra, de de 2025
Sinatura



653. SOLICITUDE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DA MOSTRA DA PARODIA DO ENTROIDO 2025

Datos da parodia participante :

Nome participante _____ da _____ parodia
Número de compoñentes _____

Datos do representante

Nome e apelidos _____
NIF _____ Teléfono _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA COA SOLICITUDE:

- Fotocopia do NIF/CIF do solicitante e do representante

CONSTITUCIÓN DA PARODIA:

O representante DECLARA:

Que nesta data procedeuse a inscrición da PARODIA para a súa participación no concurso de parodias do Entroido de Pontevedra 2025 composto/a polos seguintes membros:

	NOME E APELIDOS	DNI
1		
2		
3		
4		
5		



6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		
19		
20		

DECLARA:

- Que actúa como representante desta parodia para participar no concurso da mostra da parodia do ENTROIDO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.
- Que solicita a súa participación no CONCURSO DA MOSTRA DA PARODIA DO ENTROIDO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA



- Que se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras dos premios
- Que segundo se dispón no artigo 11 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, as persoas que figuran na relación anterior asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención en caso de percibir premio se aplicará mediante a súa división, entre o número de membros, que terán igualmente a consideración de beneficiarios

Así mesmo, todos os abaixo asinantes declaran:

- Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e co Concello de Pontevedra, así como coa Seguridade Social
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para percibir axudas das administracións públicas

Pontevedra, de de 2025

Sinatura

